

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2016.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día oito de febreiro de dous mil dezaseis; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Dona Maria López Touza.- Non asiste Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado un de febreiro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

CONCESION DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Dona Marta Rodríguez Casares**, con domicilio en Couselo de Armental nº 4, A Peroxa, no que solicita a concesión dos postos núm. 11 e 12 da planta sotano da Praza de Abastos, para venda de froitas e verdura, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado, adxudicandolle os postos nº 11 e 12, planta sotano, para a actividade referenciada anteriormente.

Esta ocupación terá o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Así mesmo os concesionarios obriganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados. Así mesmo a citada autorización queda condicionada ao pago da taxa pola recollida de basuras sen a cal esta autorización quedará sen efecto.

Para o inicio da actividade deberá presentar a correspondente comunicación previa de actividade así como o aboamento das taxas correspondente a licencia da actividade, para o cal presentará a Alta no Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.).

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, expediente de autorización para a construción de vestiarios na zona de policía marxen dereita do río Avia, a petición do Concello de Ribadavia.

- Informe técnico de data 28.01.2016 presentado pola empresa Moenergia, empresa contratada para a realización de traballos de asistencia e colaboración na comprobación e inspección (revisión técnica da facturación e revisión do consumo enerxético) relativa a facturación de subministros de instalacións municipais.

- Do Servicio Municipal de deportes, remitindo copia da acta de toma de posesión dos membros do Consello municipal de deportes celebrado o pasado 26 de xaneiro de 2016.

- De Unión Fenosa distribución, comunicando escrito relativo a subministros eventuais para festas.

- Da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, escrito relativo a actualización da Asociación de Voluntarios de Protección Civil.

- Da Sociedade galega de Medio Ambiente (SOGAMA), escrito relativo o canon unitario establecido pola xestión de residuos domésticos ou urbanos para o ano 2016.

- Da Policía autonómica, escrito denuncia sobre vehículo abandonado na rúa San Lázaro nº18, Francelos, Ribadavia.

- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Resolución concedendo inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante un pozo denominado Airiños, sito na Groba, con destino a uso doméstico e regadio solicitado por Alberto Vázquez Vázquez.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SUMINISTRO.-

Vista a tramitación da licitación do contrato menor de suministro de biomasa combustible (Pellet) para o centro deportivo municipal O Consello para un máximo de 50 toneladas/año, e comprobado que a empresa Grupo Antolin Instalacións S.L., xa ten presentado a documentación exixida para celebración de contrato menor relativa a capacidade así como os certificados de estar o corrente coa S.S., Facenda estatal e autonómica, e comprobada a existencia de consignación presupuestaria mediante informe de Intervención de data 10 de xaneiro de 2016.

No expediente constan os seguinte elementos:

1. Prego de clausulas administrativas de data 08.01.2016.
2. Informe de Intervencion de data 10.01.2016.
3. Ofertas presentadas polas empresas Pellets e Virutas de Galicia S.L. e Grupo Antolin Instalacións S.L..
4. Informe do Director de Instalacións deportivas de data 3 de febreiro de 2016, rexistro de entrada de data 05.02.2016 sobre as ofertas presentadas.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe técnico obrante no expediente, por unanimidade dos seus asistentes, acorda adxudicar o contrato de suministro de biomasa combustible (Pellet) para o centro deportivo municipal O Consello, por un importe máximo de 208,12 euros/tonelada, IVE incluído, a empresa Grupo Antolin Instalacións S.L

ADXUDICACIÓN CONTRATO DE MANTEMENTO.-

Vista a tramitación da licitación do contrato menor de servizo de mantemento das instalacións de calefacción e A.C.S. no Centro Deportivo municipal O Consello, e comprobado que a empresa Grupo Antolin Instalacións S.L., xa ten presentado a documentación exixida para celebración de contrato menor relativa a capacidade así como os certificados de estar o corrente coa S.S., Facenda estatal e autonómica, e comprobada a existencia de consignación presupuestaria mediante informe de Intervención de data 10 de xaneiro de 2016.

No expediente constan os seguinte elementos:

- 1.Prego de clausulas administrativas de data 08.01.2016.
- 2.Informe de Intervencion de data 10.01.2016.
- 3.Ofertas presentadas polas empresas Ourenca S.L. e Grupo Antolin Instalacións S.L.
- 4.Informe do Director de Instalacións deportivas de data 3 de febreiro de 2016, rexistro de entrada de data 05.02.2016 sobre as ofertas presentadas.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe técnico obrante no expediente, por unanimidade dos seus asistentes, acorda adxudicar o contrato de servizo de mantemento das instalacións de calefacción e A.C.S. no Centro Deportivo municipal O Consello, por importe de 1.936 euros , IVE incluído, a empresa Grupo Antolin Instalacións S.L..

APROBACION DE CONVENIO

A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Club deportivo Aurum para a organización do campionato de Galicia de Relevos Croos (Benxamin, Alevín, Infantil, Cadete e Xuvenil) e o campionato de Galicia absoluto individual e de clubs.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-



E sendo a unha e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.